

CULTIVOS COMPARATIVOS : CIENCIA E ALTERNATIVAS SOSTIBLES

DATOS PERSOAIS.

Joaquín Daga Falagán

Juan Sebastián Correa Castillo

Colegio Pablo VI - Fátima

RESUMO DO PROXECTO: Este proxecto explora o efecto dos tratamentos homeopáticos no crecemento e na produción de froitos das plantas, comparando estes resultados cos dos cultivos convencionais. Para iso, divídense as plantas en dous grupos: un grupo experimental, tratado con remedios homeopáticos, e un grupo control, cultivado sen ningún tratamento especial. A través de medicións de crecemento e análises da calidade dos froitos, buscaremos determinar se as plantas tratadas homeopaticamente teñen un rendemento superior ou inferior ao das plantas convencionais. Os resultados permitirán avaliar a viabilidade da homeopatía na agricultura moderna.. Para la consecución de este proyecto, contamos con la valiosa colaboración del doctor José Luis Arias, pediatra y máster en homeopatía, quien aporta su experiencia y conocimientos sobre el uso de preparados homeopáticos.

INTRODUCCIÓN :

O uso de tratamentos homeopáticos na agricultura xerou interese como alternativa para mellorar o crecemento das plantas e a produción de froitos, sen recorrer a químicos tradicionais. Diversos estudos suxeriron que as plantas poden responder favorablemente a estes tratamentos. A investigación sobre o impacto da homeopatía no desenvolvemento vexetal aínda está en fase experimental, pero ten o potencial de ofrecer unha opción máis sostible para a agricultura. Este estudo compara o crecemento das plantas tratadas con remedios homeopáticos fronte a aquelas cultivadas baixo condicións convencionais. A idea xurdíu a partires de un podcast realizado no clube de Ciencias Club de Ciencias, dispoñible en [Spotify](#), donde se discutiron diversas aplicacións da homeopatía no ámbito agrícola

ESTUDO DO ESTADO DA ARTE:

Existen diversos estudos sobre a influencia dos tratamentos homeopáticos no crecemento das plantas. Investigacións realizadas nos últimos anos indicaron resultados mixtos, con algúns estudos que mostraron melloras no vigor das plantas e na calidade dos froitos, mentres que outros non atoparon efectos significativos. Por exemplo, un estudo de 2017 publicado en *Agricultural Sciences* concluíu que algunhas solucións homeopáticas melloraron o crecemento das plantas, mentres que outros ensaios, como os publicados en *Scientific Reports*, non

mostraron diferenzas claras. Aínda así, a falta de consenso na comunidade científica mantén o debate aberto sobre a efectividade da homeopatía na agricultura.

HIPÓTESE :

Hipótízase que as plantas tratadas con remedios homeopáticos experimentarán un crecemento superior en comparación coas cultivadas de forma convencional. Ademais, agárdase que as plantas tratadas medren máis rápido e tamén produzan froitos de mellor calidade e tamaño. Isto baséase na suposición de que os remedios homeopáticos estimulan a saúde xeral das plantas, mellorando a súa resistencia a factores ambientais adversos e potenciando a súa capacidade de absorción de nutrientes, o que resulta nun mellor rendemento agrícola en xeral.

MATERIAL E MÉTODOS:

Seleccionáronse plantas de allo, xudía, leituga e faba, dividíndoas en tres grupos: un tratado con preparados homeopáticos, outro con manexo convencional e un grupo control sen tratamento. Cultiváronse en condicións similares de luz, auga e solo. Durante o experimento, mediuse a supervivencia, a altura, e posteriormente mediráse o número e a calidade dos froitos. Os datos rexistráronse periodicamente e comparáronse entre grupos para analizar o efecto da homeopatía no crecemento e na produción. Finalmente, avaliáronse os resultados para determinar a eficacia do tratamento homeopático.

RESULTADOS.

Os resultados preliminares suxiren que as plantas tratadas con remedios homeopáticos amosaron un lixeiro aumento no crecemento e xerminaron antes que as do grupo control. Asemade, as plantas tratadas con abonos industriais mostraron unha maior taxa de mortalidade en comparación coas outras. Non obstante, todavía estamos a espera dos froitos para ver cales son mais grandes e saudables. Estes resultados indican que a homeopatía pode ter un efecto positivo en certos aspectos do crecemento, pero son necesarias máis investigacións. Os datos están sendo analizados para determinar se estes resultados son estatisticamente significativos e se os remedios homeopáticos teñen un impacto positivo no rendemento agrícola.

CONCLUSIÓN.

A análise dos resultados suxire que a homeopatía podería ter un impacto positivo en certos aspectos do crecemento das plantas, como a xerminación máis rápida, pero os resultados non foron concluíntes en canto á mellora na produción de froitos en termos de cantidade, tamén se observou unha maior taxa de mortalidade en plantas tratadas con abonos industriais. Estes resultados destacan a necesidade de realizar máis investigacións para avaliar as condicións nas que os remedios homeopáticos poden ser máis efectivos na agricultura, e se realmente poden ofrecer vantaxes significativas fronte aos métodos convencionais.

BIBLIOGRAFÍA:

- Martínez, M., & López, R. (2020). *La aplicación de la homeopatía en la agricultura*. Editorial AgroTech.

- Smith, J. (2018). *Tecnologías emergentes en la agricultura sostenible*. Journal of Agricultural Technology, 34(2), 112-124.
- Podcast del Club de Ciencias (2023). *Impacto de la homeopatía en la agricultura*. Recuperado de [Spotify](#)

